

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E ACADEMIA GALEGA DO VIÑO S.L. PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSA FORMACION EN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar coa **Academia Galega do Viño S.L.** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue terá unha duración de de un (1) ano a contar dende a sinatura do convenio, prorrogable automaticamente por anualidades ata un máximo de cinco (5) anos, salvo que algunha das partes solicite expresamente a resolución do presente convenio cun mes de antelación á data de cumprimento de cada anualidade.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre ambas as dúas partes, para promoción do emprendemento galego no ámbito da cultura, para o cal a Fundación cederá determinados espazos á Academia Galega do Viño para a realización de actividades tanto formativas como eventos de grande formato na Cidade da Cultura de Galicia, que congreguen un importante número de público e medios de comunicación.

Para a realización de estas actividades, a Fundación cederá temporalmente e a título oneroso ou gratuíto (dependendo do tipo de espazo a ceder), espazos adecuados para a realización de determinadas actividades que redunden no Empredemento galego. Ditas



actividades serán organizadas e realizadas pola Academia Galega do Viño, sen custe para a Fundación.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e foi declarada de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constituía un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a Fundación pode realizar (entre outras) as seguintes actividades:

“g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.”

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a Fundación leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do emprendemento cultural en toda a súa extensión e



en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM), con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación tecnolóxica e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, a Fundación leva a cabo todo tipo de actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuír á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

Pola súa banda, a Academia Galega do Viño (Instituto Galego do Viño) é unha institución creada no ano 2010 dedicada á difusión da cultura do viño en Galicia, que ten por obxecto o de estender e difundir formación en materia vitivinícola ao ámbito profesional, así como achegar á sociedade en xeral o coñecemento da cultura do viño, sector historicamente ligado a nosa terra, o que converte a Academia Galega Do Viño en transmisores de historia, tradición, cultura, paisaxe e biodiversidade de Galicia.

A Academia Galega do Viño ofrece unha formación profunda e completa aos profesionais que desexan desenvolver a súa carreira como catadora no sector vitivinícola, hostaleiro ou turístico, e conta cun programa lectivo e á participación dos docentes máis prestixiosos, para constituírse nunha referencia da formación vitivinícola



de calidade en España, ofrecendo un programa de especialización profesional non dispoñible previamente en Galicia.

Así mesmo, presta formación a profesionais e emprendedores que desexan reforzar as súas competencias no ámbito da xestión hostaleira, así como abrir novas vías de inserción laboral para xoves, promovendo o autoemprego e a especialización nun eido que na actualidade ofrece grandes perspectivas de futuro.

A realización en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia de cursos organizados pola Academia Galega do Viño así como dos grandes eventos que programa anualmente, con presenza de expertos e cadro docente de altísimo nivel, formado por grandes personalidades do viño en España, mundialmente recoñecidos non só pola prensa internacional especializada, senón polo público en xeral, atraerá a un target moi amplo e variado interesado na materia, convertendo ao complexo do Gaiás, nun polo de difusión da cultura galega e prestixioso escaparate para a promoción do patrimonio cultural e artístico galego no exterior, e polo tanto, para a proxección internacional de Santiago de Compostela e de Galicia.

Galicia está a apostar pola internacionalización do sector vitivinícola como unha das claves do seu futuro e garante o compromiso para seguir apoiando a promoción dos viños galegos. A nosa, é unha das comunidades autónomas con máis recursos gastronómicos e de turismo gastronómico, e conta con produtos galegos de primeiro nivel con identificativos de calidade e denominación de orixe que supoñen ademais un gran reclamo turístico. As actividades a realizar reforzarán a imaxe de Galicia no exterior, e será unha canle conectiva da cultura galega e das súas industrias culturais co exterior, de xeito que, por unha banda, sexa instrumento de proxección do noso potencial cultural e creativo, e, por outra, sirva de canle de observación e introdución de novas tendencias internacionais.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

